

VACACIOLENDO

Chegan as vacacións e con elas o tempo de lecer no que podes gozar coas máxicas historias dos libros e dos contos. Como di un proverbio hindú: *un libro aberto é un cerebro que fala; pechado é un amigo que espera, esquecido un alma que perdoa; destruído un corazón que chora.*

Non te esquezas dos teus amigos os libros, calquera momento será bo para deixar voar a túa imaxinación...

Tamén podedes aproveitar as vacacións para gozar coas lecturas que hai na Biblioteca Municipal, agora que xa somos socios da mesma!

Aquí tedes unha serie de suxestións.



PARA OS PEQUENOS E PEQUENAS.




Mercedes Prieto e Montse Rivera; Ed: Kalandraka.

Na punta do pé é un libro-CD-DVD que anima a aprender cancións, bailes e xogos do patrimonio tradicional galego e portugués dun xeito ameno, divertido e participativo.

Unha parella normal

Daniela Kulot; Ed: Faktoría k.

Coma tantas outras parellas que se queren, teñen fillos: Croquila, unha cría de crocodilo, e Rafolo, un bebé xirafa. Xuntos, forman unha familia coma calquera outra. Iso si, un pouco especial...



Pilú Pilú !



Susana Isern & Katharina Sieg; Ed: OQO


Dun modo divertido, *Pilú Pilú!* achega os pequenos á posible orixe da relación real entre os crocodilos e os paxaros pluviais, máis coñecidos como *corredores exipcios*. Esta ave límpalles a boca de restos de comida, de parasitos coma samesugas e outros invertebrados.

As aventuras de Osiño

Helga Bansch; Ed: OQO

Osiño emprende ilusionado e cheo de expectativas esta aventura que non se trata só dun percorrido espazo-temporal, senón, principalmente, vital. *As aventuras de Osiño* é unha metáfora da vida, como adoita suceder cos relatos de viaxes.





Uno, cinco, muchos


Květa Pakovská; Ed: Kókinos

A artista checa Kveta Pakovská é coñecida como a maga da cor. Unha innovadora do álbum ilustrado, é quen de crear un universo orixinal, mesturando cores, troquelados, solapas, transparencias e texturas dunha forma sorprendente. Aprender a contar, por arte de esta maga, será o xogo favorito dos nenos e nenas.

La semillita

Eric Carle; Ed:Kókinos.


Dez sementes de xirasol son arrastradas polo vento. Enfréntanse a un longo viaxe cheo de aventuras. A semente máis pequeniña, despois de superar as dificultades, converterase nun fermoso xirasol.



El señor Coc hace deporte

Jo Lodge; Ed: Edelvives.

O señor Coc e os seus amigos practican diferentes deportes. Todos gañan medallas de ouro menos o señor Coc, que nunca logra gañar, aínda que finalmente tamén conseguirá unha medalla de ouro na carreira de canoas.



Los rituales de Nacho

Liesbet Siegers; Ed: Edelvives.

Nacho fai o mesmo de tódolos días: erguese, almorza, lávase os dentes, vístese pola mañá,...un libro con solapas e xogos de descubrimento para disfrutar cos máis pequenos.




La sabana al dedillo; la granja al dedillo; el espacio al dedillo

Diego de los Santos; Ed: Combel

Aprende máis cousas sobre o espazo, a sabana e a granxa... xa veredes que ben o pasades!





El canguro Arturo

Almudena Taboada; Ed: SM.

Arturo é un canguro pequeno e regordote como un globo recheo de chucherías. Enfadase cando lle pide a papá a algarroba que sabe a chocolate e o seu papá non lla da. O canguro Arturo é goloso e cabezota....

Cirilo el Cocodrilo

Almudena Taboada; Ed: SM

Cirilo non era da mesma cor que os demais, e non lle gustaba ser diferente aos demais, alguén lle fai cambiar de idea.



PARA OS MAIORES

Todo é silencio


Manuel Rivas; Ed: Alfaguara

Unha novela que relata como os círculos do crime rodean e corrompen a condición humana.



La Tierra de la Cuevas Pintadas

Unha historia atrapante e conmovedora! Trátase dun fascinante libro cheo de aventuras no Paleolítico, na prehistoria, cunha gran fidelidade histórica.



El ángel perdido


Javier Sierra; Ed: planeta

Unha apaixonante aventura que se achega aos recunchos máis escuros da historia, da ciencia e da mitoloxía. O mellor Javier Sierra mergúllanos no mundo no que a historia, maxia, tecnoloxías ancestrais e ciencia de vangarda se xuntan nun thriller tan evocador e documentado como orixinal.

Lágrimas en la lluvia

Rosa Montero; Ed: Seix Barra

Unha novela de supervivencia, sobre a moral política e a ética individual; sobre o amor, sobre a memoria e a identidade.



El sueño del Celta

Mario Vargas Llosa; Ed: Alfaguara.

A aventura que narra esta novela comeza no Congo en 1903 remata nunha cárcere de Londres, unha mañá de 1916. Cóntase a peripecia vital dun home de lenda o irlandés Roger Casement.

El jardín olvidado

Kate Morton; Ed:suma

Unha nena desaparecida...un terrible secreto...unha misteriosa herdanza...Situacións que tres xeracións dunha familia terán que soportar ao longo dun século para descubrir a verdade que se oculta no seu seo.



No confíes en nadie

S.J. Watson; Ed:Grijalbo.


Que pasaría se non lembraras o teu nome, a túa identidade, o teu pasado e tampouco aqueles que amas cada mañá ó despertar? Todo esquecido durante a noite, a túa vida convertida nun crebacabezas.

PARA EDUCAR

Educación con intelixencia emocional

Maurice J Elias, Steven E. Tobias, Brian S. Friedlander; Ed: Ediciones de bolsillo.

Con este libro papás e mamás podemos educar aos nosos/as nenos/as para que sexan máis responsables, autónomos,... e en definitiva poidan ser felices.



El no también ayuda a crecer

María Jesús Alava Reyes; Ed: La esfera de los libros.

Cada neno é único e irrepetible, por iso non se pode tratar a todos por igual, pero calquera neno/a precisa de límites, normas e pautas que lle axuden a conseguir a estabilidade que necesita, así como a tranquilidade e seguridade necesarias para o seu desenvolvemento.

Queres saber como o podemos facer?

Cómo estimular el cerebro infantil

Diane Trister Dodge, Cate Heroman; Ed: Ediciones Medici

Se queremos saber como darlle ao neno/a o que precisa para a súa estimulación e conquistar o desenvolvemento integral podemos empregar esta pequena guía que de seguro resultará útil.



BOAS VACACIÓNS

BOAS LECTURAS.

Equipo de biblioteca.

www.bibliofv.blogspot.com

